



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: V Curso superior de urbanismo

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	160
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2001
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Afondar e mellora-lo grao de especialización dos participantes ós que vai dirixida esta actividade, co fin de dotalos dunha serie de coñecementos teórico-prácticos, sobre planeamento, xestión e disciplina urbanística, que contribúan a perfecciona-la súa capacitación profesional neste campo, como tamén a posta ó día a este respecto tanto desde a perspectiva do dereito estatal como do aplicable á Comunidade Autónoma galega.

DESTINATARIOS

O curso convocado ten como destinatarios os funcionarios de carreira dos grupos A e B, que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou o de diplomado, arquitecto ou enxeñeiro técnico, pertencentes á Xunta de Galicia ou á Administración local galega, así como o persoal laboral dunha ou doutra Administración, dos grupos I e II, que se atopen en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados.

Sempre que existan prazas dispoñibles, porque non se cubriron as convocadas entre o persoal ó que se refire o primeiro parágrafo deste epígrafe, tamén poderán optar á obtención do certificado de aproveitamento, profesionais liberais que dispoñan do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro superior, ou o de diplomado, ou ben o de arquitecto ou enxeñeiro técnico.

PROGRAMA

Ver DOG nº 241 do 14/12/2000

- Panorama xeral do sistema de planeamento e xestión en España, en xeral, e en Galicia en particular.
- A Lei de ordenación do territorio de Galicia de 1995.
- A Lei do solo de Galicia de 1997.
- A Lei sobre o réxime do solo e valoracións do 1998.
- Incidencia da LS 98 e o Decreto 4/2000 na Lei de Galicia de 1997.
- Problemas urbanísticos e solucións específicas en municipios carentes de planeamento xeral. Problemas e solucións en municipios pequenos e rurais. Presentación dun caso práctico: redacción dun proxecto de ordenación do medio rural.
- Análise das figuras de planeamento territorial.
- Análise das figuras de planeamento xeral.
- As determinacións do plan xeral para a equidistribución. As áreas de reparto e os aproveitamentos tipo. Caso práctico de delimitación de áreas de reparto, distintas alternativas. Cálculo dos aproveitamentos tipo. Análise e comparación de resultados.
- Plans parciais. Análise do obxecto e contido dos plans parciais, as dotacións e as cesións de solo e de aproveitamento. Exemplo crítico dun plan parcial.
- Plans especiais. Características xerais. Plans especiais de mellora dos núcleos rurais.
- Estudios de detalle. Proxectos de urbanización. Catálogos. Análise destas figuras sobre casos concretos e prácticos.
- Exercicio práctico de planeamento de desenvolvemento. Formulación dun avance de plan parcial.
- Exercicio práctico de planeamento. Formulación dun estudio de detalle.
- Incidencia da Lei de costas no planeamento urbanístico. Interpretación da disposición adicional 6ª da Lei de Galicia en

relación coa disposición transitoria 9ª.3 do Regulamento da Lei de costas. Exercicio práctico de regulación da franxa costeira en aplicación da Lei de costas nun plan xeral.

- Valoracións. O réxime de valoracións. Criterios xerais de valoración do solo e demais elementos e dereitos. Valor do solo non urbanizable e dos solos urbanizables e asimilados. Métodos de comparación e de capitalización. Suposto práctico.
- Aproveitamento urbanístico nas valoracións. Conceptos e cálculo de aproveitamento na lexislación autonómica. Supostos prácticos.
- As ponencias de valores e o valor do solo na normativa catastral. Supostos prácticos.
- Valoracións do solo urbano e do solo urbanizable incluído en ámbito de xestión. Supostos prácticos.
- Valoración de obras, edificios, instalacións e plantacións. Suposto práctico.
- Valoración de concesións administrativas, dereitos reais sobre inmobles e indemnización de dereitos arrendaticios. Supostos prácticos.
- O novo marco normativo estatal e a súa incidencia na xestión urbanística. Os mecanismos de equidistribución trala nova Lei 6/1998, do 14 de abril. Os efectos da sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, nos instrumentos de xestión urbanística.
- A Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Parlamento de Galicia, do solo de Galicia no contexto normativo estatal. Dereitos e deberes, técnicas de equidistribución e mecanismo de execución do planeamento: a súa constitucionalidade.
- Orzamentos e requisitos para a execución do planeamento.
- Actuacións sistemáticas. Análise da lexislación autonómica.
- O sistema e o proxecto de compensación. Exposición dun caso práctico.
- O proxecto de reparcelamento: exposición dun caso práctico.
- O sistema e o proxecto de expropiación. Exposición dun caso práctico.
- Actuacións asistemáticas no solo urbano.
- A execución do planeamento por sociedades públicas. A intervención pública na xestión urbanística a través de entes instrumentais: consorcios e sociedades mercantís. Análise da lexislación autonómica.
- Os convenios urbanísticos. Exposición dun caso práctico.
- A xestión das dotacións públicas. Exposición dun caso práctico.
- A expropiación na lexislación do solo.
- A expropiación por incumprimento da función social da propiedade na lexislación galega. A situación xurídica trala sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997.
- A venda forzosa e o incumprimento dos deberes urbanísticos.
- Os convenios expropiatorios. As modalidades de xestión da expropiación. Consorcio e sociedades públicas. Os beneficiarios da expropiación. Exposición dun caso práctico.
- O procedemento de taxación conxunta. Exposición dun caso práctico.
- O patrimonio municipal do solo.
- Réxime indemnizatorio por alteración do planeamento.
- O réxime das licencias urbanísticas.
- O control da legalidade urbanística. Regulación estatal e autonómica da disciplina urbanística. Medios de protección da disciplina urbanística. Exposición dun caso práctico.
- A infracción urbanística. Procedemento sancionador. Exposición dun caso práctico.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1º Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o interesado no desempeño do seu posto de traballo e a materia obxecto deste curso.

2º Ter realizado, durante os últimos cinco anos, un menor número de cursos relacionados con contidos temáticos similares ó do que agora se convoca.

3º A antigüidade, e como tal entenderase a data de ingreso do interesado na Administración pública.

De quedaren prazas libres, despois de feita a selección entre o persoal funcionario ou laboral de calquera das administracións públicas galegas indicadas anteriormente, o criterio selectivo dos restantes peticionarios, nos que non concorran a mencionada condición, será como se expresa a continuación:

- Gozarán de preferencia aqueles solicitantes que documentalmente acrediten que a súa actividade profesional mantén relación co urbanismo e poidan demostrar, a través do seu currículo, unha constatada experiencia neste campo (por exemplo, publicacións, cursos de especialización, traballos de investigación, etc. vinculados coa materia expresada).

En calquera caso, esta convocatoria rexeráse polos criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública, publicados no DOG nº 149, do 3 de agosto de 1994.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 06/02/2001 a 18/07/2001

NUM. PRAZAS: 200

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela.